



BASES PARA A SELECCIÓN E AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL E A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

1º. OBXECTO DA CONVOCATORIA.

É obxecto da presente convocatoria a selección, para a formación e ampliación dunha Bolsa de Traballo e o seu nomeamento de selo caso, como profesorado para o *Conservatorio Profesional e a Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa*.

Esta selección rexerase polas seguintes bases específicas. Para todo o non previsto nestas Bases, e sen prexuízo da xerarquía normativa, será de aplicación supletoria o establecido na Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e Procedemento Administrativo Común, no Estatuto Básico do Empregado Público, na Lei Reguladora das Bases de Réxime Local, na Lei de Administración Local de Galicia, e demais lexislación concordante que sexa de aplicación, en particular na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino (BOE 15 de xuño 2002). A selección levarase a cabo polo sistema de concurso-oposición.

2º. REQUISITOS DOS/AS ASPIRANTES.

A selección realizarase sobre o listado de persoas preseleccionados que realice o Servizo Público de Emprego, así coma daqueles/as interesados/as que se presenten na data de celebración da proba e que deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a)** Ser español ou nacional dun estado membro da Unión Europea, nos termos previstos no artigo 57 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público. Así mesmo, poderán participar, en igualdade de condicións que os españois, os estranxeiros con residencia legal en España.
- b)** Ter máis de 16 anos.
- c)** Posuír a titulación esixible para o acceso á función pública segundo o posto a desempeñar sinalado no Anexo I das presentes bases. As Titulacións non expedidas en España deberán estar debidamente homologadas.
- d)** Non ter sido condenado/a por delito doloso, nin estar inhabilitado/a para o exercicio das funcións públicas, nin separado/a do servizo das administracións públicas por expediente disciplinario ou resolución xudicial. Será aplicable, non obstante, o beneficio da



rehabilitación, segundo as normas penais e administrativas, que o aspirante deberá acreditar mediante o correspondente documento oficial.

e) No padecer enfermidade nin eiva física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións e tarefas propias do posto de traballo.

f) Non estar incurso en causa de incapacidade nin inhabilitado ou suspendido para o exercicio de funcións públicas e non ter sido separado do servizo de calquera das Administracións Públicas.

3º. COMISION DE SELECCIÓN

A composición da Comisión seleccionadora axustarase ao disposto no artigo 60 do Texto Refundido do Estatuto Básico do Empregado Público, serán empregados do Grupo A e posuír grao de titulación para o acceso ao dito grupo (A1 e A2) e estará integrada polos/as seguintes membros:

- Presidenta: Dña. Rosina M. Sobrido Fernández
Suplente: D. Alberto Estévez Rodríguez
- Vogais: (3): Dña. Vladimira Smausová
D. Alberto Estévez Rodríguez
Dña. Ángeles Durán Arroyo
Suplentes: D. Jorge M. Ferreira Bellón
D. Jorge Ortal Grandal
- Secretario: D. Manuel Franco Leis
- Secretaria Suplente: Dña. Sonia M. Santos Castiñeira

Os membros da Comisión seleccionadora deberán posuír un dos graos de titulación ou especialización igual ou superior á esixida para o posto convocado.

A Comisión seleccionadora non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de, polo menos, tres dos seus membros (titulares ou suplentes, indistintamente) e, en todo caso, coa asistencia do/a Presidente/a e do/a Secretario/a.

A Comisión seleccionadora queda facultada para resolver as dúbidas que se presenten e tomar os acordos necesarios para a boa orde do proceso selectivo en todo o non previsto nas presentes bases.

As indemnizacións por asistencia como membros da Comisión seleccionadora faranse efectivas de acordo co disposto no artigo 30.1 do Real Decreto 462/2002, de 24 de maio, sobre indemnizacións por razón de servizo, categoría primeira.



4º. ABSTENCIÓN E RECUSACIÓN

Os membros do Tribunal deberán absterse cando concorran as circunstancias previstas no Artigo 28 da Lei 40/2015 de 1 de outubro.

5º. PRESELECCION DE CANDIDATOS

A preselección de candidatos realizarase, a petición do Concello de Vilagarcía de Arousa, polo Servizo Público de Emprego que remitirá unha listaxe de candidatos ao enderezo conservatorio@vilagarcia.gal

Tamén poderán acceder ao proceso selectivo outros candidatos que se presenten ao mesmo no día da proba, sempre que cumpran os requisitos especificados na base 2ª e facendo entrega no intre da presentación da seguinte documentación:

- a) Instancia de solicitude debidamente cumprimentada, segundo o modelo que figura coma Anexo II das presente bases.
- b) Documento nacional de identidade ou acreditación dos requisitos de nacionalidade e idade.
- c) Titulación requirida para cada unha das especialidades ás que opte o aspirante, segundo os requisitos de titulación que se citan no Anexo I das presentes bases
- d) Relación ordeada dos méritos alegados para a fase de concurso: deberá presentarse segundo o modelo que figura como Anexo III a estas bases.
- e) Currículum vitae do aspirante
- f) Orixinais ou Copias compulsadas de todos os méritos que se aleguen para a fase de concurso. No caso de que a documentación que se aporte sexa en lingua distinta ó castelán ou galego, xuntarase tradución oficial da mesma. No caso contrario non se tomará en consideración. De non acreditarse debidamente o mérito que se alegue, este non será tido en conta.

A documentación presentada polos candidatos quedara en depósito temporalmente e se procedera a devolución da mesma unha vez rematado o proceso selectivo.

6º. PUBLICIDADE.

As presentes *BASES PARA A SELECCIÓN E AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE TRABAJO DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL E A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA* publicaranse na Sede Electrónica do Concello de Vilagarcía de Arousa, <https://sede.vilagarcia.gal/>, no Taboleiro de anuncios da web municipal www.vilagarcia.gal, nas RRSS do Concello así coma en



medios de comunicación.

As datas de celebración das probas publicaranse na Sede Electrónica do Concello, no Taboleiro de anuncios da web municipal ,e nas RRSS do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Para calquera consulta sobre o procedemento os interesados poden dirixirse a conservatorio@vilagarcia.gal

7º. DESENVOLVEMENTO DO PROCESO SELECTIVO

A proba selectiva será segundo o sistema de concurso-oposición e constará de dúas fases, unha fase de avaliación de méritos e outra de oposición.

A. FASE DE CONCURSO - AVALIACIÓN DE MÉRITOS.

A fase de concurso – avaliación de méritos do proceso selectivo non pode outorgar unha puntuación superior a 14 puntos do conxunto das probas (37 puntos). **(37,83% do total do proceso)**

Todos os méritos e Titulacións alegadas nesta fase acreditaranse co orixinal ou copia compulsada do orixinal. **Deberán presentarse precedidos do ANEXO III cunha relación ben ordeada dos méritos alegados en cada apartado, xunto coa proposta de baremo á documentación presentada.**

A documentación presentada polos candidatos quedara en depósito temporalmente e se procedera a devolución da mesma unha vez rematado o proceso selectivo. Na fase de concurso non se terán en conta os documentos que non queden debidamente acreditados. Nesta fase o Tribunal outorgará ós candidatos a puntuación correspondente á vista dos méritos que aleguen debidamente xustificados, conforme ó seguinte baremo:

A.1. Experiencia docente:

- A.1.1.Por servicios prestados como docente da especialidade á que se accede en Conservatorios públicos de titularidade autonómica ou municipal que contén con recoñecemento oficial por parte da Administración Pública, **0,08 punto** por cada mes traballado. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.
- A.1.2.Por servicios prestados como docente da especialidade á que se accede en Escolas de Música públicas, Escolas de Música privadas ou en Centros autorizados, que contén con recoñecemento oficial por parte da Administración Pública, **0,04**



puntos por cada mes traballado. Acreditarase con certificación de servicios prestados, con especificación das funcións realizadas e a súa duración.

A puntuación máxima deste apartado será de **6,00 puntos (42,85% del total del baremo)**

A.2. Formación docente:

Participación en cursos relacionados coa función docente da especialidade á que se opte, convocados polas Administracións Públicas ou Organismos Oficiais:

A.2.1.Cursos de ata 25 horas:	0,10 puntos
A.2.2.Cursos de 26 ata 50 horas:	0,20 puntos
A.2.3.Cursos de máis de 51 horas:	0,30 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **3,50 puntos (25 % del total del baremo)**

A.3. **Outras titulacións:** Excluída a precisa para presentarse a esta selección e que teñan relación co posto a desempeñar.

A.3.1.Título de Doutor:	1,50 puntos
A.3.2.Título de Máster ou Diplomado en Estudos Avanzados equivalente:	1,00 punto
A.3.3.Por Titulación de Grao ou Licenciado Universitario:	1,00 punto
A.3.4.Por Titulación de Diplomado Universitario:	0,50 puntos

A puntuación máxima deste apartado será de **1,50 puntos (10,71 % del total del baremo)**

A.4. Outros méritos

- A.4.1.Pola organización, impartición ou coordinación de cursos de formación e perfeccionamento relacionados coa especialidade a que se opta convocados polas Administracións públicas ou Organismos oficiais:
0,1 puntos por curso
Acreditarase co certificado correspondente
- A.4.2.Pola organización, participación e colaboración en ciclos de concertos organizados polas administracións públicas ou organismos oficiais
0,1 puntos por cada un
Acreditaranse cos exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas dos mesmos.
- A.4.3.Por publicacións ou artigos de carácter didáctico ou científico relacionados coa especialidade á que se opta, sempre que o autor non sexa o editor dos mesmos:



0,1 puntos por cada unha

Acreditaranse cos exemplares correspondentes ou fotocopias cotexadas dos mesmos.

- A.4.4. Por composición estreada, concertos como solista, gravacións, premios en certames ou concursos de ámbito autonómico, nacional ou internacional:

0,1 puntos por cada un

As composicións e as gravacións acreditaranse co depósito legal correspondente. No referente aos concertos será necesario aportar a documentación impresa, programas, críticas, publicacións en prensa ou outro medio de divulgación que o acredite.

A puntuación máxima deste apartado será de **3,00 puntos (21,42 % del total del baremo)**

B. FASE DE OPOSICIÓN

A puntuación outorgada a fase de oposición non pode ser superior a 23 puntos do total do proceso selectivo (37 puntos). **(62,16% do total do proceso)**

Consistirá na realización de tres probas:

B1. Unha primeira proba consistente na impartición dunha clase a un suposto alumno:

Para as especialidades instrumentais a impartición da clase poderá ser para un destes cursos:

- 4º curso do grao elemental (tamén para os candidatos de acceso exclusivo a EMM)
- 6º curso do grao profesional

Para a especialidade de composición a clase poderá ser para un destes cursos:

- 4º Harmonía
- 6º Analise

A impartición da clase deberá abordar, alomenos, as seguintes cuestións: argumentación e xustificación do desenvolvemento dunha clase ou sesión da materia proposta polo tribunal tendo en conta os coñecementos previos, obxectivos, contidos e avaliación da materia.

Para a materia de Música e Movemento da Escola de Música a proba consistirá na impartición dunha clase a un suposto alumno ou grupo de alumnos e deberá abordar, alomenos, as seguintes cuestións: argumento e xustificación do desenvolvemento dunha clase ou sesión tendo en conta os obxectivos e contidos básicos deste ámbito formativo.

A elección da clase a impartir será determinada polo tribunal cando se produza o chamamento do candidato, que poderá vir provisto do material didáctico, bibliográfico, así



como dos instrumentos musicais que considere oportuno e que poderá utilizar ao longo da proba.

O aspirante disporá de 15 minutos como máximo para a realización da clase. A puntuación desta primeira proba debe supoñer no conxunto da fase de oposición un máximo de 13 puntos do total da puntuación de (23 puntos). **(56,52 % da fase de oposicion)**

B2. Unha segunda proba consistente nunha entrevista persoal e individual dos aspirantes co Tribunal, que poderá versar sobre a clase que ten impartido previamente, a experiencia e historia profesional do aspirante, coñecementos dos traballos a realizar, coñecementos dos dereitos e deberes dos empregados públicos, coñecementos da lexislación educativa en vigor, coñecementos dos Planos de estudo LOE da especialidade á que opta o aspirante e, no seu caso, coñecementos básicos da Administración Municipal. A puntuación desta segunda proba non pode supoñer unha puntuación superior a 10 puntos do total da fase de oposición (23 puntos). **(43,48% da fase de oposicion)**

Listaxe da lexislación educativa:

- Decreto 198/2007, do 27 de setembro, polo que se establece a ordenación do grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música.
- Decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- Orde do 8 de febreiro de 2008, polo que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas profesionais de música que se establecen na Lei Orgánica 2/2006, do 3 de maio de educación
- Circular 4/2008 pola que se regulan as probas de acceso ao grao elemental das ensinanzas de réxime especial de música
- Circular 21/2008 da Dirección Xeral de Formación Profesional e Ensinanzas Especiais pola que se regula a avaliación e cualificación do alumnado que cursa as ensinanzas elementais de música e de danza dispostas nos Decretos 196/2006, do 20 de setembro, e 198/2007, do 27 de setembro, polos que se establece a ordenación das ensinanzas do grao elemental de danza e música, respectivamente
- Orde do 28 de xullo de 2008 pola que se regulan as probas de acceso ás ensinanzas profesionais de música dispostas no decreto 203/2007, do 27 de setembro, polo que se establece o currículo das ensinanzas profesionais de réxime especial de música.
- Orde do 11 de marzo de 1993, pola que se regulan as condicións de creación e funcionamento das escolas de música e danza da Comunidade Autónoma de Galicia.



C) PROBA DE COÑECEMENTO DO IDIOMA GALEGO.

O exercicio obrigatorio e non eliminatorio sobre o coñecemento do idioma galego cualificarase de cero (0) a dous (2) puntos, quedando exentos de o realizaren os aspirantes que acrediten posuír o Celga 4 (ou curso de perfeccionamento en lingua galega), ós que se lles outorgará a cualificación máxima de dous (2) puntos.

Tamén quedaran exentos aqueles aspirantes que acrediten posuír un título Celga inferior segundo a seguinte valoración:

Celga 3: 1,5 puntos

Celga 2: 1 punto

Celga 1: 0,5 puntos

A proba consistirá na traducción, sen diccionario, de dous textos propostos previamente polo tribunal, un de castelán ao galego e outro de galego ao castelán, nun tempo máximo de media hora. Aqueles aspirantes que aínda acreditando posuír un Celga 3, 2, ou 1 desexen realizar a proba de traducción poderán facelo si ben en caso de obter unha puntuación inferior á que corresponde polo título aportado manterase a asignada ao título Celga aportado.

8º. CUALIFICACIÓNS FINAIS E DESEMPATES

a) A cualificación da proba selectiva será a suma das puntuacións obtidas por cada aspirante no concurso de méritos e na oposición, e o Tribunal formulará lista ordeada dos/as candidatos/as coa que se formará unha Bolsa de Traballo.

b) No caso de empate a Comisión seleccionadora solicitará información mediante declaración xurada sobre a situación socio-familiar dos candidatos-candidatas aos que afecte o empate, resolvéndose o mesmo segundo os seguintes criterios:

- Número de membros da unidade familiar a cargo do/a aspirante

Nº	Puntos
1	0,75
2	1,25
3	1,50
>4	2,00

- Antigüidade como demandante de emprego:

Menos de 1 ano	0,25
1 ano ou máis	0,75
Máis de 18 meses	1,00



Máis de 2 anos	1,25
Máis de 3 anos	1,50
Máis de 4 anos	2,00

En caso de que persista o empate este resolverase por sorteo.

9º. CHAMAMENTOS

Para o caso de que o aspirante seleccionado rexeitase o nomeamento/contratación, renunciase posteriormente ou sexa necesario proceder a novas contratacións segundo o previsto no TREBEP, procederase a realizar o ofrecemento ao seguinte candidato, segundo a orde da lista que integra a bolsa de traballo resultante do proceso de selección.

10º. IMPUGNACIÓN E SUPLETORIEDADE.

A Comisión Seleccionadora queda facultada para resolver cantas dúbidas e incidencias poidan xurdir no desenvolvemento desta proba selectiva, en todo o non previsto nas bases, así como a interpretación das mesmas.

A presente convocatoria, as bases, e tódolos actos administrativos derivados desta convocatoria, así como da actuación da Comisión Seleccionadora, poderán ser impugnados polos interesados/as nos casos e na forma establecidos pola Lei 30 de 1992, de 26 de novembro de Procedemento Administrativo e normas vixentes concordantes. A presentación de reclamacións non suspenderá a continuación do proceso selectivo, salvo que así o decida o órgano convocante do mesmo.

En todo o non previsto nestas bases de selección será de aplicación o disposto na Orden APU/1461/2002 de 6 de xuño pola que se establecen as normas para a selección e nomeamento de persoal funcionario interino, no real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro polo que se aproba o Texto Refundido do Estatuto Básico do empregado Público e demais normativa concordante; e Lei 2/2015 de 29 de abril de emprego público de Galicia.

11º. DATOS DE CARÁCTER PERSOAL

En cumprimento do disposto no *“REGLAMENTO (UE) 2016/679 DEL PARLAMENTO EUROPEO Y DEL CONSEJO de 27 de abril de 2016 relativo a la protección de las personas físicas en lo que respecta al tratamiento de datos personales y a la libre circulación de estos datos y por el que se deroga la Directiva 95/46/CE (RXPD)”* se informa as persoas interesadas en participar no proceso selectivo que os datos de carácter persoal por elas facilitados serán incorporados a un rexistro de actividade coa finalidade da selección de persoal, e se lles recoñece a posibilidade de exercer os dereitos de acceso, rectificación,



cancelación e oposición, enviando comunicación escrita ao Concello de Vilagarcía de Arousa, Praza Ravella nº1, a través da <https://sede.vilagarcia.gal/> ou no enderezo de correo electrónico dpd@vilagarcia.gal

Os/as interesados/as autorizan ao Concello de Vilagarcía de Arousa a proceder ao tratamento dos seus datos nos termos anteriormente descritos así como á publicación dos mesmos nos taboleiros de anuncios, na páxina web do Concello e na sede electrónica <https://sede.vilagarcia.gal/>

A presentación da documentación necesaria para participar no proceso de selección supón o consentimento expreso para tratar a información nos termos indicados.

12º. PRESENTACIÓN DE DOCUMENTOS E CONTRATACIÓN.

Os/as aspirantes seleccionados/as e propostos/as polo Tribunal para seu nomeamento deberán presenta-la documentación acreditativa do cumprimento das condicións e requisitos esixidos na Base 2ª no prazo que se sinala.

No caso de que no prazo indicado, e salvo circunstancias de forza maior, o/a aspirante non presentara a documentación esixida, ou se comprobara que non reúne os requisitos esixidos, non poderá ser nomeados e quedarán anuladas todas as súas actuacións, sen prexuízo das responsabilidades a que houbera lugar. Neste caso a Alcaldía poderá acorda-la contratación do/a aspirante que obtivera a segunda mellor puntuación total, que deberá presentar, en tal caso, a documentación antes sinalada.

O Concello de Vilagarcía poderá esixir especificamente a documentación acreditativa acerca do requisito de compatibilidade de conformidade coa Lei 53/1984 de 26 de decembro de incompatibilidades do persoal das administracións públicas. Así mesmo poderá oficiar a outras administracións públicas en solicitude da información necesaria a este respecto.

O/a aspirante proposto/a comezará a prestar servizos na data que se lle indique pola Alcaldía.

O/a candidato/a seleccionado/a deberá acreditar as circunstancias previstas no artigo 13.5 da Lei 1/1996 de 15 de xaneiro de protección xurídica do menor segundo a redacción dada pola Lei 26/2015 de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia, mediante a presentación do correspondente certificado ou alternativamente autorizando ao Concello de Vilagarcía de Arousa para acceder a dito certificado.

13º. XORNADA DE TRABAJO.

A xornada de traballo será estipulada mediante acordo da Xunta de Goberno Local. Será



competencia da Dirección do Conservatorio Profesional e da Escola Municipal de Música a distribución da mesma en materias, días e horas tendo en conta as necesidades e peculiaridades propias de cada centro. Os/as aspirantes seleccionados, deberán realizar as funcións e traballos que se lle indiquen pola Dirección do centro, así coma asistir a todas aquelas reunións, sesións de avaliación, claustros e outros aos que sexan convocados/as. A este respecto será de aplicación o disposto na normativa e lexislación educativa en vigor, así coma o disposto na normativa e lexislación propia da administración local.

14º BOLSA DE TRABAJO

- I. O desenvolvemento da Bolsa de Traballo precisa o acordo previo do órgano competente sobre a urxencia e necesidade de proceder ao nomeamento ou contratación.
- II. Ofrecerase ás persoas incluídas na bolsa, seguindo a orde de prelación, sempre a cando se cumpran os requisitos esixidos na relación de postos de traballo para seu desempeño.
- III. Os chamamentos dos aspirantes efectuaranse pola orde na que estes figuran na lista de substitución segundo as seguintes fórmulas, de aplicación sucesiva no caso de que non houbera resposta nas precedentes:
 1. Chamada telefónica.
 2. Correo electrónico.

A realización dos chamamentos na forma indicada, requirirá que os aspirantes teñan facilitado nas súas solicitudes de participación nos procesos, ou en comunicación posterior presentada no rexistro municipal, os datos correctos necesarios (número de teléfono e dirección de correo electrónico).

- IV. A tal efecto terá que comunicarse ó aspirante que corresponda o lugar e data no que é preciso que se presente.
- V. Se o interesado/a non manifesta súa conformidade có nomeamento entenderase que renuncia ó mesmo, e se lle postergará ó último posto da bolsa de traballo, a menos que concorran algunha das seguintes circunstancias, oportunamente xustificadas:
 - a) Período de embarazo, de maternidade ou paternidade, de adopción e de acollemento permanente ou preadoptivo, incluíndo o período no que sexa procedente a concesión de excedencia para o coidado de fillos, para calquera dos supostos anteriores.



b) Prestar servicios na Administración Local, dá Comunidade Autónoma, ou do Estado, como funcionario ou como persoal laboral. Así como en calquera organismo do sector público.

c) Prestar servizos no sector privado.

d) Enfermidade.

Os efectos da manifestación establecidos no primeiro paragrafo deste punto, os sábados serán considerados días inhábiles.

- VI. Os aspirantes que aleguen algunha de las circunstancias previstas nas letras do punto V conservarán súa posición na bolsa. Nembargantes non recibirán ningunha outra oferta mentres se manteña a circunstancia alegada. Os interesados estarán obrigados a comunicar por escrito a finalización das situacións.
- VII. Os empregados interinos que cesen nun posto de traballo a resultas da Bolsa de traballo, incorporanse automaticamente no mesmo posto que tiñan na lista.
- VIII. A renuncia do aspirante á prestación de servizos, unha vez nomeado ou contratado, determinará súa exclusión da Bolsa de Traballo aínda no suposto de que tal renuncia teña lugar con carácter previo á data de inicio.
- IX. Os integrantes da Bolsa de Traballo están obrigados a sinalar seus datos persoais actualizados que faciliten a rápida localización, incluíndo a telefónica, sendo os únicos responsables da fidelidade dos mesmos.
- X. A duración das Bolsas de Traballo será de tres anos ata o 31 de xullo de 2024 ou ata a creación dunha nova Bolsa para a mesma categoría profesional; sen perxuizo de que sexa prorrogada.
- XI. A inclusión na Bolsa de Traballo non implica obrigación de ningunha índole por parte do Concello de Vilagarcia có solicitante.
- XII. A Xunta de Persoal poderá solicitar en todo momento información sobre a situación da Bolsa.

En Vilagarcía de Arousa a 10 de agosto de 2021.

Sinaturas dixitalizadas

O Alcalde-Presidente

D. Alberto Varela Paz

A Secretaria Xeral accidental

Dña. María Rosario González Pacios



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

ANEXO I

ANEXO ESPECÍFICO DAS BASES PARA A SELECCIÓN E AMPLIACIÓN DAS BOLSAS DE TRABALLO DE PERSOAL DOCENTE (PROFESORADO) PARA O CONSERVATORIO PROFESIONAL E A ESCOLA MUNICIPAL DE MÚSICA DE VILAGARCÍA DE AROUSA

Especialidade	Profesor/a de Clarinete – Cod. CLR 01
Titulación :	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Clarinete; Profesor Superior de Clarinete ou Profesor da mesma especialidade Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Clarinete, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.
Especialidade	Profesor/a de Composición – Cod. CMP 02
Titulación:	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Composición; Profesor Superior de Harmonía, Contrapunto, Composición e Instrumentación
Especialidade	Profesor/a de Frauta traveseira - Cod. FT 03
Titulación:	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Frauta; Profesor Superior de Frauta ou Profesor da mesma especialidade. Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Frauta, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.



Especialidade Profesor/a de **Gaita – Cod. GTA 04**
Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título de Profesor Superior de Instrumentos da Música Tradicional e Popular.

Especialidade Profesor/a de **Guitarra - Cod. GT 05**
Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co ; Título Superior de Guitarra; Profesor Superior de Guitarra ou Profesor da mesma especialidade
Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Guitarra, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade Profesor/a de **Música e movemento – Cod. MeM 06**
Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título de Grao de Mestre en Educación Primaria ou equivalente ou contar con calquera das titulacións establecidas na Circular 12/2006 da Consellería de Cultura, Educación e Universidade.

Especialidade Profesor/a de **Percusión – Cod. PRC 07**
Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Percusión; Profesor Superior de Percusión ou Profesor da mesma especialidade
Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Percusión, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade Profesor/a de **Piano– Cod. PNO 08**
Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Piano; Profesor Superior de Piano ou Profesor da mesma especialidade
Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título



Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Piano, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade	Profesor/a de Saxofón - Cod. SX 09
Titulación:	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Saxofón; Profesor Superior de Saxofón ou Profesor da mesma especialidade Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Saxofón, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade	Profesor/a de Trombón - Cod. TRB 10
Titulación:	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trombón; Profesor Superior de Trombón ou Profesor da mesma especialidade Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Trombón, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade	Profesor/a de Trompa - Cod. TRM 11
Titulación:	Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trompa; Profesor Superior de Trompa ou Profesor da mesma especialidade Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Trompa, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade	Profesor/a de Trompeta - Cod. TR 12
---------------	--



Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Trompeta; Profesor Superior de Trompeta ou Profesor da mesma especialidade

Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Trompeta, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade Profesor/a de **Violín - Cod. VLN 13**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Violín; Profesor Superior de Violín ou Profesor da mesma especialidade.

Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Violín, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.

Especialidade Profesor/a de **Violonchelo – Cod. VLC 14**

Titulación: Conforme o sinalado na base 2ª das xerais, e contar co Título Superior de Violonchelo; Profesor Superior de Violonchelo ou Profesor da mesma especialidade

Tamén poderán presentarse candidatos que contén co Título Profesional de Música LOXSE ou LOE na especialidade de Violonchelo, neste caso exclusivamente para prestar servizos na EMM.



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

ANEXO II

MODELO DE INSTANCIA/SOLICITUDE

D./^a. _____, con D.N.I. _____, con
endereço en (Rúa/Lugar) _____, núm. _____,
Municipio _____ Provincia _____ Código postal _____
E-mail _____
Tfns. de contacto: _____, _____, _____

EXPÓN

Que coñecedor/a da convocatoria de probas selectivas para a **“formación dunha Bolsa de Traballo de profesorado para o Conservatorio Profesional e a Escola Municipal de Música de Vilagarcía de Arousa”** que permita atender as necesidades de provisión de postos de traballo destes centros

MANIFESTA

- Que coñece as bases de selección desta convocatoria
- Que reúne todos e cada un dos requisitos esixidos nas citadas bases de selección.
- Que presenta ante a Comisión seleccionadora a documentación requirida.

Por todo isto, **SOLICITA**

Que previos os trámites oportunos teñan por presentada, en tempo e forma, a presente instancia/solicitud, e na súa virtude procedan a admitir ao/á que subscribe ás probas da convocatoria de referencia para a praza/posto de traballo _____
con Código _____ para o ☐ Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa e/ou ☐ Escola Municipal de Música (pódense sinalar as dúas opcións)



Concello de
Vilagarcía de Arousa
Negociado de Recursos Humanos

Praza Ravela, 1
36600 Vilagarcía de Arousa
T 986 099 200 ext. 323 · F 986 501 109
CIF: P/3606000 B
persoal@vilagarcia.es · www.vilagarcia.es

Asdo.:

Vilagarcía de Arousa, ____ de _____ de 2021

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Vilagarcía de Arousa



ANEXO III

Plantilla relación de méritos

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____, que se presenta para o posto de Profesor de _____

con Código _____ para o ☐ Conservatorio Profesional de Música de Vilagarcía de Arousa ☐ Escola Municipal de Música (pódense sinalar as dúas opcións)

RELACIÓN DE MÉRITOS ALEGADOS PARA A FASE DE CONCURSO

PUNTUACIÓN MÁXIMA DESTA FASE: 14 PUNTOS

Esta plantilla de relación de méritos está elaborada en relación aos apartados das Bases para a selección de persoal docente para o Conservatorio Profesional e a Escola Municipal de Música do Concello de Vilagarcía de Arousa.

Todos/as os candidatos/as deberán presentar cuberta esta plantilla axustándose aos conceptos exactos dos apartados citados nas bases, elaborando unha proposta de puntuación que o Tribunal procederá a comprobar. Para elo deberán presentar os orixinais ou copias compulsadas dos documentos alegados seguindo a orde da puntuación.

Apartado A1		PUNTOS	TOTAL
EXPERIENCIA DOCENTE (puntuación máxima do apartado A1: 6 puntos)	A.1.1.		
	A.1.2.		

Apartado A2		PUNTOS	TOTAL
FORMACIÓN DOCENTE (puntuación máxima do apartado A2: 3,5 puntos)	A.2.1.		
	A.2.2.		
	A.2.3.		



Apartado A3		PUNTOS	TOTAL
OUTRAS TITULACIONES (puntuación máxima do apartado A3: 1,50 puntos)	A.3.1.		
	A.3.2.		
	A.3.3.		
	A.3.4.		

Apartado A4		PUNTOS	TOTAL
OUTROS MÉRITOS (puntuación máxima do apartado A4: 3 puntos)	A.4.1.		
	A.4.2.		
	A.4.3.		
	A.4.4.		

Asdo.:

En Vilagarcía de Arousa, ade de 2021